

COMUNICADO 074/20
7 DE MAIO DE 2020

REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS VEHICULOS CLÁSICOS/ HISTÓRICOS:

- 1) A nova normativa establecida polo Real Decreto 920/2017 que modifica a periodicidade das ITV dos coches clásicos/históricos. Dende maio do 2018, os vehículos con menos de 40 anos teñen que pasala ITV cada dous anos; si a antigüidade oscila dentro 40 e 45 anos, a revisión é trianual; en caso que o vehículo teña mais de 45 anos, e necesario pasala cada 4 anos.
- 2) A nova lei establece que só os vehículos con mais de 30 anos poden ser rexistrados como “modelos históricos”.
- 3) Cumprindo a antigüidade, para que un vehículo sexa considerado clásico/histórico e necesario que estea incluído no inventario xeral de bens inmoables do Patrimonio Histórico Español, trátase dun vehículo de colección, fora declarado de interese cultural ou que tivera formado parte dalgún acontecemento histórico ou da vida dalgún personaxe relevante. Para elo é preciso contar cun certificado da Federación Galega de Automobilismo, ou cun informe por escrito dalgún club de clásicos, ou directamente do fabricante onde se reflexe a característica que reúne o vehículo.
- 4) Os vehículos clásicos/históricos deben superar unha exhaustiva inspección dun laboratorio oficial onde se determina o seu estado e se informa sobre onde e cando ten que pasala ITV.
- 5) Para que un vehículo antigo sexa considerado como tal, outro requisito que se establece é a solicitude de residencia a correspondente Comunidade Autónoma.
- 6) No caso de que un vehículo reúna tódolos requisitos para ser catalogado coma clásico/histórico, necesita unha nova tarxeta de Inspección Técnica que remite a ITV onde se recopilen as especificacións e as restricións de condución.
- 7) O igual que para matricular un vehículo normal, neste caso tamén e preciso acudir a Xefatura de Tráfico Provincial para aboalas taxas correspondentes e obtela documentación correspondente e imprescindible.
- 8) O seguro do clásico/histórico e obrigatorio para poder circular dacordo a legalidade. Por norma xeral, este tipo de pólizas teñen un prezo inferior, inda que convén comprobalas coberturas que inclúe, así como as máis que posibles restricións.
- 9) Tendo en conta que un vehículo clásico/histórico reporta múltiples ventaxas para os seus propietarios hai que ter en conta que se aceptan algunhas limitacións derivadas da circulación, ou das súas propias características. Isto significa que os vehículos que non superen os 40Qm/h, terán que desprazarse polo arcén, e do mesmo modo os modelos que non alcancen os 60Qm/h. teñen prohibida a súa circulación por autopistas e autovías. Ademais, tamén convén revisala tarxeta da inspección técnica onde se poden engadir outras restricións segundo diferentes circunstancias, como por exemplo de noite ou con condicións climatolóxicas adversas.
- 10) A Federación Galega de Automobilismo o crealo arquivo de vehículos clásicos/históricos de Galicia, e publicalas fotos dos vehículos, debido a lei de protección de datos persoais só publicará o correo electrónico, do propietario do vehículo, para así recibir ofertas de compra/venda ou intercambio de criterios mecánicos, de conservación, dentre outros que posúan o mesmo modelo ou estean interesados.
- 11) Ademais de ampliar e adecuala web (www.fga.es), cun apartado específico; para afiliación con aportación de fotos, ficha técnica, e cubrila folla de datos con aportación dun correo electrónico para publicar, así como dun correo postal para o envío por mensaxería das pegadas e do certificado de reconstrución.